

## CICLO MEDIO DE ELABORACIÓN DE PRODUTOS ALIMENTARIOS

O alumnado deberá acudir ás clases, nos talleres/laboratorios de Industrias Alimentarias ( taller, aula 210, e laboratorio, aula 211 ) co seguinte equipo básico, atendendo ao ciclo formativo no que estea matriculado/a.

Nota: Antes de comprar o equipamento, e por uniformidade, **deberase consultar, ao inicio de curso**, a cor e/ou marca a utilizar ao titor/a ou profesor/a do módulo.

 <b>INDUSTRIAS ALIMENTARIAS</b> <b>Os EPIS que empregamos</b>	
<b>Por que?</b>	<p>A normativa europea e nacional vixente regula o uso dos equipos de protección individual (EPIs) dos traballadores en tódolos ámbitos laborais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Regulamento (UE) 2016/425 sobre os Equipos de Protección Individual</li> <li>✓ Regulamento (CE) 852/2004 relativo á hixiene dos alimentos</li> <li>✓ Real Decreto 773/1997, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas ao uso dos EPIs polos traballadores</li> <li>✓ Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais</li> <li>✓ Certificacións: ISO 22000; FSSC 22000, IFS, BRCGS...etc.</li> </ul>
<b>Para que?</b>	<p>O uso dos EPIs nas Industrias alimentarias é un mecanismo indispensable para garantir a seguridade dos seus traballadores, e tamén nos axudan a manter a seguridade e calidade dos produtos que chegan ás nosas mesas.</p>
<b>Cales precisas?</b>	<p><b>No taller:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ <b>Cofia e cubre barbas</b> con elástico; poden ser desbotables ou lavables, e deben cubrir toda a testa.</li> <li>✓ <b>Mascariñas quirúrxicas</b>, para previr a contaminación dos alimentos pola fala, tós ou esbirros. Deben cubrir boca e nariz.</li> <li>✓ <b>Mono de traballo</b> ou chaqueta e pantalón; de cor branca e sistema de peche sen botóns (velcros).</li> <li>✓ <b>Botas:</b> impermeables e antiesvarantes para evitar accidentes durante os desprazamentos polo taller.</li> </ul>  

### No laboratorio:

- ✓ **Bata branca**, neste caso non importa o sistema de peche.
- ✓ **Lentes de protección**, sempre homologadas para asegurar a protección dos ollos en caso de accidente.



### No taller

- ✓ **Luvas de nitrilo**, para protexer a pel e evitar contaminacións durante certas fases do traballo, debendo mudalos frecuentemente e respectar o lavado de mans.
- ✓ **Mandil impermeable de nitrilo**, que axuda a preservar a calidade dos alimentos, e protexe a roupa nas labores de limpeza.
- ✓ **Luvas anticorte** de aceiro inoxidábel para uso alimentario, en labores de acondicionamento dalgunhas materias primas.
- ✓ **Luvas de protección** aptos para uso alimentario e con protección fronte a produtos químicos, empregados nas labores de limpeza.
- ✓ **Luvas termorresistentes**, para procesos nos que se traballa con equipos a altas temperaturas, coma o forno.



### No laboratorio

- ✓ **Mascariñas FFP2/FFP3** contra partículas, polvos ou aerosois.
- ✓ **Pinzas con protección térmica e soportes** para o manexo de material a altas temperaturas nalgunhas técnicas de análise.
- ✓ **Luvas antiácidos de PVC**, para previr abrasións no caso de derrame dalgunhas substancias corrosivas.



**Outros  
EPIs e  
útiles de  
seguridade  
que  
atoparás  
no centro**

NON COMPRAR ATA INICIO DE CURSO (ESPERAR INSTRUICIÓN DO PROFESORADO).